

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2022

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral

D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as doce horas e catro minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e dous, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

##### A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

##### A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

##### Non asisten: (xustificando a ausencia)

D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre

D. Luis Pena Mosquera

A Presidencia abre a sesión.

Solicita tomar a palabra don Santiago Rodríguez Piñeiro (PP) para indicar que o Partido Popular sempre condena calquera acto de violencia e logo de ver o acontecido na madrugada con relación á invasión de Ucraína por parte de Rusia; pide a toda Corporación condenar estes feitos e ocréselle colgar unha pancarta no balcón da Casa Consistorial con un texto de *Non a guerra* ou *Repulsa á guerra*.

Toma a palabra o Sr. Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro que indica que sí poden acordar a condena no Pleno pero que, por deferencia, comentarán co BNG a colocación da pancarta.

Os concelleiros e concelleiras, segundo o indicado polo Sr. Alcalde por UNANIMIDADE dos presentes, ratifican a repulsa aos acontecementos de invasión de Ucraína por parte de Rusia

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES; SESIÓNS DO DÍA 27.01.2022 E DO DÍA 10.02.2022.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-  
/

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<**PROPOSTA DE ACORDO**

**EXPEDIENTE: 2022/G006/000029**

**LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.**

- **SESIÓN ORDINARIA DE 27.01.2022**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 10.02.2022**

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 27.01.2022 (borrador asinado o día 21.02.2022)

- Extraordinaria e urxente de 10.02.2022 (borrador asinado o día 21.02.2022)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 27.01.2022 (borrador asinado o día 21.02.2022)

- Extraordinaria e urxente de 10.02.2022 (borrador asinado o día 21.02.2022)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.>>

Sen intervencións, sométense a votación por separados os borradores das actas das sesións anteriores:

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión ordinaria do día 27.01.2022**, quedando **ADOPTADA** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 27.01.2022 (borrador asinado o día 21.02.2022)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión extraordinaria e urxente do día 10.02.2022**, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup>. Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago Rodríguez Piñeiro; D. Luis Ángel Díaz González; e



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1 **ABSTENCIÓN** de D. Yolanda Vázquez Busto (PSdG-PSOE) por non estar presente na sesión, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Extraordinaria e urgente de 10.02.2022 (borrador asinado o día 21.02.2022)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2021/A003/000035)**

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 21.02.2022, que se transcribe a continuación:

**"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno**

**SESIÓN: Ordinaria do día luns 21 de febreiro de 2022**

**EXPDTE: 2022/G012/000003**

**Sesión nº: 2022/3**

**2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2021/A003/000035)**

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

**<<SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2021/A003/000035)**

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*Expediente: 2022/G006/000016*

*Tendo en conta o proxecto "MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.", por importe de 319.186,30 € (263.790,33 € + 55.395,97 € de IVE), asinado dixitalmente en data 28/09/2021 polo enxeñeiro de camiños canais e portos , Miguel Ángel Fernández Rivera, documento con rexistro de entrada n.º 202199900001612 de 28/09/2021.*

*O Pleno do Concello de Pontevedra celebrado en sesión ordinaria o 30.09.2021, adoptaba o acordo cuxo contido se transcribe, en estrato:*

**"PRIMEIRO.-** Solicitar unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña polo seguinte importe para a execución do proxecto de Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Orzamento total	Coefficientes de financiación
Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña	200.000,00€	119.186,30 €	319.186,30 €	62,66%

**SEGUNDO.-** Dar traslado deste acordo á Deputación da Coruña, así como departamentos municipais afectados.

...//..."

Tendo en conta o requirimento da Deputación da Coruña de data 14/01/2022, documento con rexistro de entrada nº 20220000000093 de 18/01/2022, cuxo contido se transcribe, en estrato:

**“Co obxecto de formalizar un convenio de cooperación co Concello Pontedeume coa finalidade de cofinanciar a “Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña”, cunha dotación orzamentaria de 319.186,30 € e unha achega da Deputación Provincial de 200.000,00 €, que representa unha porcentaxe de financiación do 62,65933 %, e unha vez revisada polos Servizos Provinciais a documentación presentada polo Concello, requíreselle para que, na maior brevidade posible, subsane o complete a que a continuación se relaciona:**

**En relación a documentación:**

**1. Certificado do acordo do órgano Colexiado competente de aprobación da solicitude da subvención no que conste:**

a) As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto.

b) Circunstancias que impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou a un plan da Deputación, e en especial no caso de concellos ao Plan único POS+.

c) Importe total do orzamento do proxecto e coeficiente de financiamento solicitado.

**2. Certificado do acordo do órgano competente de aprobación do proxecto**

...//..."

**En relación ao proxecto técnico:**

Unha vez supervisado polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios o **Proxecto Técnico** denominado Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña” (Data da sinatura dixital 2021.09.28) emítese informe, co fin de que se **subsanen** as seguintes deficiencias:



...//...

Logo de ver o informe técnico de 18.01.2022, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...”

### CONCLUSIONES

A xuízo do técnico que subscribe, o contido do proxecto denominado “MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.”, proxecto presentado por rexistro de entrada no Concello o 28/09/2021 nre 202199900001612 e asinado polo enxeñeiro Miguel Angel Fernández Riveira e asinado en data 28/09/2021:

Resulta viable técnica y urbanisticamente.

Deberase cumprir con todos os condicionantes e requirimentos establecidos nos distintos informes sectoriais.

**Deberase presentar a seguinte documentación:**

**Certificado de colexiación do técnico redactor**

**Será necesario informe do Servizo de Patrimonio Cultural.**

**Será necesario informe do Ministerio de Fomento en relación a estrada N-651**

**O proxecto deberá xustificar a normativa de aplicación, en especial a relativa a accesibilidade e con especial relevancia a Orde viv/561/2010 sobre espazos públicos urbanizados, incluíndo as especificacións gráficas que correspondan.**

...//...”

Tendo en conta que se teñen solicitado as autorizacións sinaladas no informe técnico ante os organismos correspondentes en data 19.01.2022, segundo se acredita no expediente.

Logo de ver o proxecto modificado “MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.”, por importe de 319.186,30 € (263.790,33 € + 55.395,97 € de IVE), asinado dixitalmente en data 19/01/2022 polo enxeñeiro de camiños canais e portos , Miguel Ángel Fernández Rivera, documento con rexistro de entrada n.º 202299900000088 de 19/01/2022.

Tendo en conta a notificación de data 01.02.2022 de informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da deputación da Coruña, relativo ao proxecto sinalado no parágrafo anterior.

Logo de ver o informe técnico de data 03.02.2022.cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...”

### CONCLUSIONES

A xuízo do técnico que subscribe, o contido do proxecto denominado “MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.”, proxecto presentado por rexistro de entrada no Concello o 19/01/2022 e nre 202299900000088 e asinado polo enxeñeiro Miguel Angel Fernández Riveira e asinado en data 19/01/2022:

Resulta viable técnica y urbanisticamente sen prexuízo do que se estableza nos preceptivos informes sectoriais.

Deberase cumprir con todos os condicionantes e requirimentos establecidos nos distintos informes sectoriais:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### Será necesario informe do Servizo de Patrimonio Cultural.

### Será necesario informe do Ministerio de Fomento en relación a estrada N-651”

Polo tanto, o citado proxecto resulta suficiente para a definición, valoración e execución das obras nel proxectadas, polo que se informa favorablemente o devandito proxecto en relación coa súa viabilidade como obra completa, susceptible de entrar en servizo á súa finalización, sendo preciso para a súa correcta execución a supervisión da correspondente dirección de obra.

...//...”

Tendo en conta o acordo do Pleno do Concello celebrado en sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2019, adoptou o acordo relativo a “Avocación de competencias e delegación destas na Alcaldía-Presidencia”, concretamente, as relativas a “1.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.”

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Ratificar o contido do punto primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Pontedeume celebrado en sesión ordinaria de 30.09.2021, polo que se solicitou unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña, por un importe de 200.000,00 € para a execución do proxecto de Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña, cun importe total de 319.186,30 €.

**SEGUNDO.-** Modificar o cadro de financiamento recollido no punto primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Pontedeume celebrado en sesión ordinaria de 30.09.2021, especificando o coeficiente de financiamento do Concello, conforme ao seguinte:

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Orzamento total	Deputación	Concello	Coeficientes de financiamento	
				Deputación	Concello
Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña	319.186,30 €	200.000,00 €	119.186,30 €	62,66%	37,34%

**TERCEIRO.-** O Concello de Pontedeume comprométese a habilitar o crédito necesario para o financiamento da parte non subvencionada pola Deputación da Coruña, de resultar beneficiario da subvención de acordo co solicitado, isto é: 119.186,30 €

**CUARTO.-** Ratificar o contido do informe de necesidade asinado dixitalmente en data 28.09.2021, o seguinte:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### **"INFORME DE NECESIDADE DE FINANCIAMENTO PARA A OBRA MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.**

*Razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuír economicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.*

#### **Antecedentes.**

*Entre as vías de comunicación coas que conta o Concello de Pontedeume, a Avenida da Coruña e a rúa Camiño Estreito atópanse entre as de máis tránsito rodado e peonil das do municipio. A primeira delas, por ser a principal entrada ao municipio pola estrada nacional 651, onde se atopa ademais un centro educativo, o CEIP Plurilingüe San José e distintos establecementos comerciais, o que conleva un importante fluxo de nenos, nenas e adultos, nunha zona de gran densidade de tráfico.*

*Similar situación é a da rúa Camiño Estreito, pois é unha das tres vías de comunicación entre o casco histórico e a Av. Ricardo Sánchez, onde se atopan 4 centros educativos (2 IES e 2 CEIP), o Centro de Saúde, Piscina Municipal, Paseo Marítimo, Centro de Formación, Escola Infantil, distintos establecementos comerciais e hosteleiros, etc; o que provoca, ao igual que na Av da Coruña, que a densidade de persoas e vehículos que transitan pola mesma sexa moi elevada, polo que o número de persoas potencialmente beneficiarias do investimento que estamos a solicitar, é moi alto.*

#### **Situación actual.**

*Estes últimos anos, no noso concello a demanda de melloras das vías de comunicación coa ampliación de beirarrúas, organización das zonas de estacionamento, renovación das redes de abastecemento e saneamento de augas, etc; vai en considerable aumento, sendo a ampliación de beirarrúas, a que máis se incrementou ao longo do último ano, como consecuencia das medidas de distanciamento social e seguridade impostas a raíz da pandemia provocada pola COVID 19, polo que é pública e notoria a necesidade de dotar á veciñanza de lugares seguros. Compre sinalar, que os recursos cos que conta este Concello, máis aqueles que pode xestionar a través de liñas de subvencións por concorrencia, son insuficientes para cubrir as necesidades que demandan os cidadáns e que urxe acometer.*

*Neste senso, compre destacar tal e como se fai constar na memoria do proxecto da actuación pretendida, que as actuais beirarrúas tanto da avenida da Coruña coma da rúa Camiño Estreito, ademais de atoparse nun estado de conservación moi precario, son maiormente moi estreitas, impedindo nalgún dos casos o cruce de dúas persoas.*

*Así mesmo na zona da avenida, na que esta infraestrutura é máis ampla, parte da mesma utilízase como zona de estacionamento de vehículos, que en moitas ocasións e ao carecer estas dalgún tipo de delimitación entre a zona de tránsito peonil e a de estacionamento, fai que moitos vehículos invadan gran parte da beirarrúa, dificultando así o paso de peóns.*

*A todo isto debemos engadir as abundantes barreiras arquitectónicas, que dificultan o acceso a esta zona a persoas con mobilidade reducida, necesidades que serían subsanadas con este proxectos.*

#### **Conclusión.**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



O Concello de Pontevedra e o responsable das vías e obras municipal, dentro das súas competencias a da mellora, rehabilitación e recuperación das zonas de tránsito de peóns e vehículos.

Razóns as expostas, polas que se propón por motivos de interese público a solicitude de subvención nominativa para esta actuación á Deputación da Coruña:

1. Dada a elevada demanda da mellora de espazos, infraestruturas e vías por parte da veciñanza.
2. Non sendo posible neste intre acudir a programa de subvención de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado ás urxentes necesidades descritas, que requiren por parte dos responsables municipais dun excepcional esforzo económico na prestación de servizos de competencia municipal.
3. Tendo en conta que o Concello de Pontevedra estaría disposto a cofinanciar a actuación que nos ocupa.
4. O Concello de Pontevedra interesa da colaboración da Deputación da Coruña a través da concesión dunha subvención nominativa por importe de 200.000 euros, investimento que conta cun orzamento total de 319.186,30 euros.”

**QUINTO.-** Avocar a competencia delegada na Alcaldía-Presidencia por acordo do Pleno do Concello celebrado en sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2019, a e aprobar o proxecto “MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.”, por importe de 319.186,30 € (263.790,33 € + 55.395,97 € de IVE), asinado dixitalmente en data 19/01/2022 polo enxeñeiro de camiños canais e portos , Miguel Ángel Fernández Rivera, documento con rexistro de entrada n.º 202299900000088 de 19/01/2022.

**SEXTO.-** Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña aos efectos de dar continuidade á tramitación do expediente.

**SÉTIMO.-** Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da tramitación do expediente da subvención.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

...//....

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **MAIORÍA de 6 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra don Daniel Rios Fernández, Concelleiro de Vías e Obras que reitera o indicado





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

na Comisión Informativa.

Toma a palabra don Santiago Rodríguez Piñeiro (PP) que indica que o voto do seu partido vai ser a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE das concelleiras e concelleiros presentes, o ACORDO seguinte:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar o contido do punto primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Pontedeume celebrado en sesión ordinaria de 30.09.2021, polo que se solicitou unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña, por un importe de 200.000,00 € para a execución do proxecto de Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña, cun importe total de 319.186,30 €.

**SEGUNDO.-** Modificar o cadro de financiamento recollido no punto primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Pontedeume celebrado en sesión ordinaria de 30.09.2021, especificando o coeficiente de financiamento do Concello, conforme ao seguinte:

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Orzamento total	Deputación	Concello	Coeficientes de financiamento	
				Deputación	Concello
Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña	319.186,30 €	200.000,00 €	119.186,30 €	62,66%	37,34%

**TERCEIRO.-** O Concello de Pontedeume comprométese a habilitar o crédito necesario para o financiamento da parte non subvencionada pola Deputación da Coruña, de resultar beneficiario da subvención de acordo co solicitado, isto é: 119.186,30 €

**CUARTO.-** Ratificar o contido do informe de necesidade asinado dixitalmente en data 28.09.2021, o seguinte:

**“INFORME DE NECESIDADE DE FINANCIAMENTO PARA A OBRA MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.**

*Razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuír economicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.*

**Antecedentes.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Entre as vías de comunicación coas que conta o Concello de Pontevedeume, a Avenida da Coruña e a rúa Camiño Estreito atópanse entre as de máis tránsito rodado e peonil das do municipio. A primeira delas, por ser a principal entrada ao municipio pola estrada nacional 651, onde se atopa ademais un centro educativo, o CEIP Plurilingüe San José e distintos establecementos comerciais, o que conleva un importante fluxo de nenos, nenas e adultos, nunha zona de gran densidade de tráfico.*

*Similar situación é a da rúa Camiño Estreito, pois é unha das tres vías de comunicación entre o casco histórico e a Av. Ricardo Sánchez, onde se atopan 4 centros educativos (2 IES e 2 CEIP), o Centro de Saúde, Piscina Municipal, Paseo Marítimo, Centro de Formación, Escola Infantil, distintos establecementos comerciais e hosteleiros, etc; o que provoca, ao igual que na Av da Coruña, que a densidade de persoas e vehículos que transitan pola mesma sexa moi elevada, polo que o número de persoas potencialmente beneficiarias do investimento que estamos a solicitar, é moi alto.*

### **Situación actual.**

*Estes últimos anos, no noso concello a demanda de melloras das vías de comunicación coa ampliación de beirarrúas, organización das zonas de estacionamento, renovación das redes de abastecemento e saneamento de augas, etc; vai en considerable aumento, sendo a ampliación de beirarrúas, a que máis se incrementou ao longo do último ano, como consecuencia das medidas de distanciamento social e seguridade impostas a raíz da pandemia provocada pola COVID 19, polo que é pública e notoria a necesidade de dotar á veciñanza de lugares seguros. Compre sinalar, que os recursos cos que conta este Concello, máis aqueles que pode xestionar a través de liñas de subvencións por concorrencia, son insuficientes para cubrir as necesidades que demandan os cidadáns e que urxe acometer.*

*Neste senso, compre destacar tal e como se fai constar na memoria do proxecto da actuación pretendida, que as actuais beirarrúas tanto da avenida da Coruña coma da rúa Camiño Estreito, ademais de atoparse nun estado de conservación moi precario, son maiormente moi estreitas, impedindo nalgún dos casos o cruce de dúas persoas.*

*Así mesmo na zona da avenida, na que esta infraestrutura é máis ampla, parte da mesma utilízase como zona de estacionamento de vehículos, que en moitas ocasións e ao carecer estas dalgún tipo de delimitación entre a zona de tránsito peonil e a de estacionamento, fai que moitos vehículos invadan gran parte da beirarrúa, dificultando así o paso de peóns.*

*A todo isto debemos engadir as abundantes barreiras arquitectónicas, que dificultan o acceso a esta zona a persoas con mobilidade reducida, necesidades que serían subsanadas con este proxectos.*

### **Conclusión.**

*O Concello de Pontevedeume e o responsable das vías e obras municipal, dentro das súas competencias a da mellora, rehabilitación e recuperación das zonas de tránsito de peóns e vehículos.*

*Razóns as expostas, polas que se propón por motivos de interese público a solicitude de subvención nominativa para esta actuación á Deputación da Coruña:*

*1. Dada a elevada demanda da mellora de espazos, infraestruturas e vías por parte da veciñanza.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Non sendo posible neste intre acudir a programa de subvención de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado ás urxentes necesidades descritas, que requiren por parte dos responsables municipais dun excepcional esforzo económico na prestación de servizos de competencia municipal.

3. Tendo en conta que o Concello de Pontedeume estaría disposto a cofinanciar a actuación que nos ocupa.

4. O Concello de Pontedeume interesa da colaboración da Deputación da Coruña a través da concesión dunha subvención nominativa por importe de 200.000 euros, investimento que conta cun orzamento total de 319.186,30 euros.”

**QUINTO.-** Avocar a competencia delegada na Alcaldía-Presidencia por acordo do Pleno do Concello celebrado en sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2019, a e aprobar o proxecto “MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA.”, por importe de 319.186,30 € (263.790,33 € + 55.395,97 € de IVE), asinado dixitalmente en data 19/01/2022 polo enxeñeiro de camiños canais e portos , Miguel Ángel Fernández Rivera, documento con rexistro de entrada n.º 202299900000088 de 19/01/2022.

**SEXTO.-** Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña aos efectos de dar continuidade á tramitación do expediente.

**SÉTIMO.-** Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da tramitación do expediente da subvención.

### **3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3. EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS” EXPEDIENTE 2022/T002/000003**

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente Especial de Contas, que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, que se transcribe a continuación:

**“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE da Comisión Informativa Especial de Contas que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda**

**SESIÓN: Extraordinaria e urxente do día luns 21 de febreiro de 2022**

**EXPDTE: 2022/G012/000004**

**Sesión n.º: 2022/4**

### **2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3. EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS” EXPEDIENTE 2022/T002/000003**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<PROPOSTA DE ACORDO**

**Expediente TEdC: 2022/G006/000028 enlazado co 2022/T002/000003**

De conformidade co previsto nos artigos 82.3.e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 3/2022 na



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

modalidade de suplemento de crédito, co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque,

Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e o informe de Intervención de referencia 38/2022

Visto que da liquidación do orzamento de 2021, aprobada mediante Resolución da Alcaldía número 80/2022, de 14/02/2022, resultou un remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado de 42.488,30 euros e para gastos xerais de 1.376.762,33 euros.

Visto que no expediente de modificación de créditos número 2, modalidade de incorporación de remanentes número 1, aprobado por Resolución da Alcaldía número 85/2022, de 16/02/2022, se utiliza en parte o remanente de tesourería para gasto con financiamento afectado, concretamente por importe de 16.409,96 euros e tamén o Remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 805.373,01 euros

Visto que o destino do dito remanente (superávit) vén regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF), no que se establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir endebedamento ou, alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e sendo que este Concello non ten débeda con entidades financeiras,

Visto que este Concello, ao non ter débeda financeira, está fóra do ámbito de aplicación das ditas medidas, e tendo en conta a suspensión das regras fiscais acordada polo Consello de Ministros para o ano 2022,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Que se probe unha modificación de crédito por importe total de 487.500,08 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
IDAE. Rehabilitación enerxética servizos sociais.-	2020/2/ME/2	2311.63200	194.000	87000	487.500,08
Adquisición terreos. Finca en r/Empedrado	2022/5/MV/1	150.60000	118.000		
Adquisición terreno para aparcadoiro en Andrade	2022/5/MV/2	150.60000	6.292		
Adquisición de terreno en Ombre- Bufarda	2022/5/MV/3	150.60000	25.538,51		



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Adquisición de terreno en Vilar para aparcadoiro	2022/5/MV/4	150.60000	24.483,27		
Mellora pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avda. da Coruña	2022/2/MW/1	1532.61900	119.186,30		

**SEGUNDO.**- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, por MAIORÍA de 6 votos a favor das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e do concelleiro do Grupo Municipal do PP D. Luis Angel Díaz González e 1 abstencións da concelleira do BNG: D<sup>a</sup>. Rocío Souto Torre.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra don Daniel Ríos Fernández, Concelleiro de Facenda, que indica que é unha modificación do orzamento cun suplemento de crédito financiado co remanente de tesouraría para realización de certas obras, tales como mellora do pavimento na Avda. Da Coruña, obra do IDAE de servizos sociais e logo para adquisición de terreos para facer aparcadoiros públicos na r/Empredrado, en Andradre a carón do colexio moi demandado pola comunidade educativa co colexio de Andrade; en Ombre e Vilar seguindo a liña marcada na anterior lexislatura de dotar de aparcadoiros as zonas das igrexas e cemiterios municipais.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Que se aprobe unha modificación de crédito por importe total de 487.500,08 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
IDAE. Rehabilitación	2020/2/ME/2	2311.63200	194.000	87000	487.500,08



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

enerxética servizos sociais.-					
Adquisición terreos. Finca en r/Empedrado	2022/5/MV/1	150.60000	118.000		
Adquisición terreno para aparcadoiro en Andrade	2022/5/MV/2	150.60000	6.292		
Adquisición de terreno en Ombre- Bufarda	2022/5/MV/3	150.60000	25.538,51		
Adquisición de terreno en Vilar para aparcadoiro	2022/5/MV/4	150.60000	24.483,27		
Mellora pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avda. da Coruña	2022/2/MW/1	1532.61900	119.186,30		

SEGUNDO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

#### 4.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2021

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Expediente: 2022/G006/000032 relacionado 2022/X999/000054**

**DACCIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2021.**

*De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, e visto o expediente co número 2022/X999/000054, no que constan os estados contables da liquidación do orzamento do exercicio 2021 así como os informes da Intervención, dáse conta da liquidación do Orzamento anualidade de 2021, aprobada por Decreto nº 80/2022 de 14/02/2022.>>*

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 5.- DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. INFORME 13/2022. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2021).

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### <<PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### **DACCIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. INFORME 13/2022. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2021)**

(Expediente TEdC: 2022/G006/000033)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 13/2022, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda">>

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

### 6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A "APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS E REIVINDICACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO"

Tráncibese o contido da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG.

#### <<Apoio ás mobilizacións e reivindicacións feministas do 8 de Marzo

Lúis Pena Mosquera, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Pontevedra, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos cuidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que **os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.**

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, recae de forma importante nas mulleres galegas:



- 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres,
- o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes
- e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes)
- a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes. Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

1. **Recoñecer as convocatorias do feminismo galego neste 2022 que sinalan os compromisos pendentes e colocan no centro do debate as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político.**
2. **Expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.**
3. **Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumplido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega.**
4. **Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista.>>**

Toma a palabra o Sr. Presidente, que indica que inicialmente quería facer unha declaración institucional sobre este tema; pero pola ausencia dos membros do grupo municipal do BNG que indiquen que se faga o cambio de moción a declaración institucional, e ao estar a moción incluída na orde do día hai que proceder a votar.

Toma a palabra o don Luis Ángel Díaz González (PP) indicando que eles non poden votar a favor da moción, porque consideran que só pide apoio para as mobilizacións e para eles a igualdade e moito máis ca iso. Continúa dicindo que a moción que presenta o PSdG-PSOE sobre este mesmo tema e máis completa, que vai máis encamiñada a defensa da igualdade que é un termo moi grande, non só das mobilizacións.

Toma a palabra dona Raquel Caruncho Corral, Concelleira de Igualdade, que indica que a moción presentada polo PSdG-PSOE distingue máis a liña na que se está traballando e o que se busca, que é tratar os problemas de desigualdade que existen na actualidade.

Sométese a votación a moción presentada quedando **ADOPTADA** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro: e **2 ABSTENCIÓNS** do



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Grupo municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer as convocatorias do feminismo galego neste 2022 que sinalan os compromisos pendentes e colocan no centro do debate as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político.

**SEGUNDO.-** Expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

**TERCEIRO.-** Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumplido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega.

**CUARTO.-** Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista.

A Presidencia indica que o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presentou por urxencia unha moción sobre este mesmo tema, polo que pasase a debater esa moción, alterando así, a orde do día.

### **7.- MOCIÓN URXENTES: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE SOBRE O 8 DE MARZO**

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros concelleiras presentes.

Transcríbese, a continuación a Moción presentada polo PSdG-PSOE

*<<O Grupo Municipal dos Socialistas de Pontedeume de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O feminismo é un sinal de identidade do Partido Socialista desde a súa orixe. O feminismo e o socialismo son dúas correntes ideolóxicas que teñen na súa orixe unha mesma idea: a emancipación.*

*Desde hai 143 anos a nosa forma de ser feministas é facer. Para o PSOE o feminismo é discurso, pero sobre todo é acción política. Para o Partido Socialista facer feminismo é transformar as demandas da sociedade en leis ou políticas públicas. É converter as demandas feministas en feitos que cando gobernamos son palpables nos Concellos, nas Comunidades Autónomas e no Goberno de España.*

*Cada 8 de marzo, o Partido Socialista é parte activa desta xornada mundial de loita e reivindicación que é o Día Internacional das Mulleres, reafirmando que a igualdade entre mulleres e homes debe vertebrar toda a nosa acción política. A **igualdade é unha cuestión de calidade da democracia** e tamén garantía de que o benestar se produza para todas as persoas e non á conta da metade da poboación. As mulleres non somos un colectivo, somos a metade da humanidade, e por tanto, a desigualdade e opresión que sufrimos por ser mulleres golpea directamente ao corazón das nosas democracias xa que impide o desenvolvemento pleno da nosa condición de cidadanía.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O feminismo, que é axenda, movemento social e teoría política, é a resposta a esa concepción do mundo no que as mulleres somos cidadás de segunda categoría. O feminismo é a resposta a esa sociedade patriarcal que se sostivo sobre a explotación e opresión da vida e os corpos das mulleres. Este 8 de marzo, **o Partido Socialista quere destacar, fronte a quen negan, vulneran e atacan os dereitos das mulleres, o profundo valor democrático que o feminismo supuxo para a liberdade das mulleres en todo o mundo.**

Este 2022 España afronta un período de recuperación tras a pandemia da COVID-19. A pandemia mostrounos as costuras do noso Estado do Benestar, deixounos ben visible a desigualdade aínda existente nos traballos de coidado doméstico e a precariedade do emprego das mulleres. **O Goberno de España consciente de que non existirá recuperación se non é garantindo a igualdade de mulleres e homes, fixo da igualdade de xénero un eixo transversal do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia** para canalizar os fondos europeos a reparar os danos provocados pola crise do COVID-19, o noso compromiso para que a recuperación sexa xusta é firme. O PSOE está a impulsar políticas públicas dirixidas a pechar as fendas de desigualdade que aínda temos pendentes: laboral e salarial, a fenda dixital ou a desigualdade no ámbito da corresponsabilidade.

A reforma laboral que impulsou o Goberno de España co acordo de patronal e sindicatos é, sen dúbida, un gran avance feminista, é **unha reforma laboral para combater a precariedade do emprego das mulleres.** O emprego das mulleres caracterízase por ser a tempo parcial e temporal. No terceiro trimestre de 2021, 2.008.300 mulleres traballaron a tempo parcial, fronte a 688.800 homes. A taxa de temporalidade das mulleres é do 25,2%, fronte ao 19,2% dos homes. Sen dúbida, a reforma laboral que fai do contrato indefinido a modalidade ordinaria de contratación, que elimina o contrato por obra e servizo e reduce de 24 a 18 meses o prazo máximo de encadeamento de contratos é unha boa noticia para as mulleres do noso país.

A pandemia motivada pola Covid 19 puxo aínda máis en evidencia o problema que supón para moitas familias poder conciliar a vida persoal e familiar coa laboral, cunha incidencia específica nas mulleres como responsables maioritarias do coidado familiar, tanto se se trataba de mulleres soas (familias monomarentais) como daquelas que, tendo emprego e parella, pola maior precariedade estrutural do emprego feminino, optaron por abandonalo para coidar.

Para dar resposta aos problemas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar agudizados pola pandemia do Covid 19, o Goberno de España puxo en marcha no ano 2021 o **Plan Corresponsables**, que se centra na atención á infancia. A razón que levou a plantexar este programa dirixíndoo cara a esa franxa de idade ten que ver co impacto que a súa conveniente atención ten nas mulleres, ben por razón da súa condición de traballadoras, ou ben porque a dedicación en exclusiva ás súas fillas e fillos impídelles buscar un emprego.

O Consello de Ministros vén de aprobar o Acordo polo que se autoriza a proposta de distribución entre as comunidades autónomas, para o seu sometemento á Conferencia Sectorial de Igualdade, do crédito orzamentario destinado no ano 2022 ao desenvolvemento do Plan Corresponsables por importe de **190.000.000 de euros**. Destinaranse ao financiamento de proxectos, que deberán ser promovidos polas comunidades autónomas para o desenvolvemento de actuacións e/ ou prestacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con fillas e fillos de ata 16 anos de idade mediante a creación de bolsas de coidado profesional, a creación de emprego de calidade no sector dos coidados e a posta en marcha dun sistema de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou vías non formais.



*Desenvolver políticas que fomenten a corresponsabilidade ten un impacto profundo na igualdade, pero tamén, como é lóxico, na economía e na calidade da sociedade. O ansiado cambio de paradigma no social, no laboral pero tamén no ámbito dos coidados debería condicionar as accións políticas e económicas futuras.*

*O obxectivo debe ser conseguir, a través de políticas transversais, a participación equilibrada entre mulleres e homes na vida familiar e no mercado de traballo coa reestruturación e reorganización dos sistemas laboral e educativo e dos recursos sociais, co fin de introducir a igualdade de oportunidades no emprego, variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado.*

*Segundo o último baremo do CIS a respecto desta cuestión, o 82 % das persoas coidadoras principais de menores de 0 a 3 anos son as nais, o 7,5 % as avoas e só o 4,8 % os pais. Indica tamén que as mulleres empregan entre 4 e 5 horas diarias a tarefas domésticas, mentres que os homes empregan pouco máis dunha hora.*

*Co último estudo do IGE como referencia (2017), o 14,85 % das mulleres pedían redución de xornada no seu traballo para coidar algún menor de entre 0 a 12 anos, mentres que a porcentaxe de homes era do 5,06 %.*

*Todos estes datos, que coa pandemia aínda empeoraron e puxeron de manifesto a realidade da maioría das mulleres galegas, demostran que non podemos deixar de lado a clara relación entre a carga de traballo doméstico e a actividade laboral das mulleres.*

*Diante desta situación, que manifesta un escenario pouco alentador sobre a necesaria xestión corresponsable dos coidados, as Administracións públicas deberán focalizar os seus esforzos en asegurar políticas que favorezan que a carga de traballo non remunerado, doméstico ou de coidados, sexa compartida por todos os membros da familia, con obrigas non diferenciadas por sexo. Do contrario, o dereito a traballar fóra da casa seguirá sendo imposible para un gran número de mulleres.*

*Conscientes desta situación, na Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da Covid19 os tres grupos parlamentarios acordaron instar a Xunta “a reforzar o apoio aos programas de conciliación e corresponsabilidade a fin de rematar coa discriminación, e así facilitar a igualdade no acceso ao emprego e no desenvolvemento da carreira profesional das mulleres galegas”.*

*Mais a realidade foi que nos orzamentos do exercicio 2022 o Goberno galego reduciu brutalmente o programa destinado a corresponsabilidade e conciliación, sendo unha das partidas que sufriu un dos maiores recortes (máis dun 25 % con respecto a 2021) de todas as contas. Tampouco tivo lugar a actualización do Plan de conciliación e corresponsabilidade, mandatada polo Parlamento de Galicia.*

*Nun tempo no que debemos centrar gran parte dos nosos esforzos na corresponsabilidade e a xestión compartida dos coidados, primeiro chanzo da ansiada igualdade e paso previo á conciliación real, o PSdeG-PSOE entende que o Goberno galego debe asumir a responsabilidade que lle corresponde e dar resposta ao mandato do Parlamento galego impulsando unha repartición máis igualitaria entre mulleres e homes da carga dos coidados, coa aprobación de novas medidas que incentiven a corresponsabilidade. Responsabilidade que debe ser compartida por todas as institucións, tamén pola máis próxima á cidadanía, os concellos.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de..... presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre de 2022, a avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. Cos resultados da avaliación dese primeiro plan, presentarase no segundo trimestre un novo para o período 2022- 2025 con medidas concretas para este ano acompañadas do seu correspondente orzamento.
2. Adoptar/Incrementar no noso concello aquelas medidas que poidan favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, previo estudo económico correspondente.
3. Impulsar no marco das competencias municipais medidas de sensibilización e fomento da corresponsabilidade nos coidados e tarefas domésticas, encamiñados á concienciación da necesidade de variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado.>>

Sen intervencións, sométese a votación a moción presentada quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Instar á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre de 2022, a avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. Cos resultados da avaliación dese primeiro plan, presentarase no segundo trimestre un novo para o período 2022- 2025 con medidas concretas para este ano acompañadas do seu correspondente orzamento.

**SEGUNDO.-** Adoptar/Incrementar no noso concello aquelas medidas que poidan favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, previo estudo económico correspondente.

**TERCEIRO.-** Impulsar no marco das competencias municipais medidas de sensibilización e fomento da corresponsabilidade nos coidados e tarefas domésticas, encamiñados á concienciación da necesidade de variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado.

### **8.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PP.- ADOPCIÓN DE MEDIDAS ECONÓMICAS PARA APOIAR Á HOSTALARÍA E COMERCIO DE PONTEDEUME.**

Toma a palabra o don Luis Ángel Díaz González do Grupo Municipal do PP, para dar lectura á moción presentada polo PP, que se transcribe a continuación:

*<<MOCIÓN DEL GRUPO POPULAR PARA ADOPTAR MEDIDAS ECONÓMICAS PARA APOYAR A LA HOSTELERÍA Y COMERCIO DE PONTEDEUME*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*La crisis económica derivada de esta pandemia y las medidas impuestas para contener ha tenido y sigue teniendo un fuerte impacto social, sobre todo económico.*

*Sabemos que uno de los sectores más castigados fue y sigue siendo la hostelería y el comercio. Los cuales perdieron muchos de sus ingresos por tener que cerrar sus negocios en la etapa más dura, reducir sus horarios de apertura e incluso sus aforos todos ellos para cumplir*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



*con las medidas de seguridad que requirió sanidad durante todo este tiempo para contener esta pandemia generada por el covid-19.*

*Por otra parte, también tuvieron que afrontar gastos en elementos como geles hidroalcohólicos, mascarillas para sus empleados e instalación de medidores de CO2. Resaltando este último, porque unido a una buena ventilación, se convirtieron en herramientas indispensables y en el mejor escudo contra el covid-19.*

*Todo ello para crear espacios más seguros tanto en el comercio como en la hostelería y al mismo tiempo ir recuperando la normalidad .*

*Somos conscientes que estas medidas han supuesto un gasto muy elevado para estos sectores cuando todavía se estaban recuperando.*

*Por estos motivos desde el PP de Pontevedra, no podemos dejar atrás a nuestros comerciantes y hosteleros y por eso presentamos esta propuesta de acuerdo.*

### **PROPUESTA DE ACUERDO**

*1- Instar al concello de Pontevedra a buscar una línea de financiación para crear unas ayudas para estos sectores para subvencionar el 90% de la compra de los medidores de CO2 adquiridos en 2021, o bien crear una ayuda directa para sufragar la compra de dicho material, sin excederse del primer semestre del presente año, para ser adjudicada>>*

Toma a palabra o don Luis Ángel Díaz González do Grupo Municipal do PP, que pide ao Sr. Simoes, portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE explique a súa proposta para aprazar esta moción.

Toma a palabra don José Simoes Couceiro (PSdG-PSOE) que indica que, en principio non teñen datos nin coñecemento de que alguén comprara os aparatos medidores de CO2 citan. Polo tanto, requirenlle ao Grupo Municipal do PP un estudio previo de que cantidade de aparatos, que comercios e que negocios de hostalería dispoñen dos mesmos. Necesitase saber a cantidade a que nos enfrentamos para saber se se pode dispoñer dela. Polo tanto, pídenlle que retiren a moción.

Toma a palabra o Sr. Presidente, que indica que falou con xente da Asociación de Comerciantes que lle traslada que non lle consta, entre os seus socios, que se adquiriran este tipo de aparatos. Seguramente é algo que afecta a moi poucos establecementos, igual os máis grandes. Pódese volver a consultar e logo cos datos na mesa tomar unha decisión.

Toma a palabra don Luis Ángel Díaz González (PP) que indica que retiran a moción para una sesión posterior, para completala cos datos que pide o Sr. Simoes.

### **9.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PP.- INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA, Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AO CONCELLO DE PONTEDEUME, A ADHERIRSE AO PACTO DE ESTADO POR FERROL.**

Toma a palabra o don Luis Ángel Díaz González do Grupo Municipal do PP, para dar lectura á moción presentada polo PP, que se transcribe a continuación:

**<<MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN EL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA, A LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA Y AL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME, A QUE SE ADHIERAN AL PACTO DE ESTADO POR FERROL.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Pontevedra conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ferrol, Eume y Ortegal son comarcas de grandes fortalezas, que han demostrado cómo hacer frente a los cambios y responder ante las adversidades. Su localización geográfica, las sitúa como uno de los corredores de tráfico más importantes de Europa, sus capacidades portuarias, el conocimiento y la experiencia acumulada en sectores estratégicos como las industrias naval o energética, el elevado nivel de internacionalización de su tejido productivo y la presencia de destacados agentes de I+D+i, con el Campus Universitario de Ferrol o el CIS al servicio del desarrollo industrial, dotan a este territorio de los instrumentos necesarios para impulsar la recuperación económica y social.

El Pacto de Estado por Ferrol, que nace tras un período de escucha y cuenta con 100 medidas para la recuperación y transformación industrial de Ferrol, Eume y Ortegal, que fue presentado por el Presidente de la Xunta presentado en el mes de mayo de 2021, constituye una propuesta que, con el firme propósito de poder transformarse en un compromiso colectivo, pueda impulsar de manera efectiva la transformación de Ferrol, Eume y Ortegal de tal manera que se pueda trabajar con mayor intensidad y coordinadamente por parte de administraciones, organismos intermedios e interlocutores socioeconómicos en torno a las grandes prioridades actuales para dicho territorio, compartiendo el deseo común de revertir las circunstancias extremadamente adversas de la situación actual y diseñar un nuevo futuro para los miles de gallegos y gallegas que viven en estas comarcas.

Se trata, por lo tanto, de un planteamiento que surge de la voluntad de consenso y de acuerdo, a través de un proceso de diálogo orientado a canalizar los esfuerzos de las diferentes instituciones y agentes hacia los grandes retos de este territorio, principalmente en términos de crecimiento, empleo y bienestar. Constituye un punto de partida para la determinación de las necesidades, las oportunidades y las prioridades en torno al objetivo de promover un desarrollo sólido, integrador y sostenible en Ferrol, Eume y Ortegal y las medidas que pueden ayudar a abordarlas, desde el máximo consenso político, económico y social.

El Gobierno gallego ha incorporado como prioritarias las medidas de su competencia, especialmente en la mejora de los servicios públicos; en la mejora de infraestructuras y comunicaciones; la recuperación de las empresas, autónomos y empleos, y en la modernización y mejora competitiva de los principales sectores del área territorial de Ferrol, Eume y Ortegal.

Además, el momento excepcional que se está viviendo a nivel general, con motivo del impacto de la covid-19, y muy especialmente en el territorio de Ferrol, Eume y Ortegal, por la incertidumbre sobre el futuro de ciertas empresas y la ausencia de carga de trabajo en Navantía Ferrol, mientras no se inicie la construcción de las fragatas F110, exige una respuesta también excepcional que puede y debe ser colectiva, y que debe tratar de integrar y comprometer a actores tanto públicos como privados en torno a construir un consenso básico que sirva como energía para la suma de esfuerzos en su implementación. El desafío es tan extraordinario que exige una respuesta unida, única y ambiciosa.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

### ACUERDOS



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.- Instar al Gobierno central y a la Diputación Provincial de A Coruña, a adherirse al Pacto de Estado por Ferrol, y que de esta **forma prioricen sus inversiones en la comarca de Ferrol, Eume y Ortegal**, con el objeto de proceder a la recuperación y transformación de la misma.

2.- Instar al Ayuntamiento de Pontevedra, a que se adhiera al Pacto de Estado por Ferrol, **para dar ese paso definitivo, necesario, oportuno y proporcional a la importancia de Ferrolterra** en la economía y en la población gallega y también en el impacto social de esta zona.

3.- Dar traslado de este acuerdo al **Presidente del Gobierno, al Presidente de la Xunta de Galicia y al Presidente de la Diputación de A Coruña >>**

Continúa o Sr. Díaz González indicando que consideran que é o momento de facer un compromiso colectivo para todos y empezar a actuar para poder saír desta crise.

Toma a palabra don José Simoes Couceiro (PSdG-PSOE) que indica que o documento de 79 páxinas elaborado polo Goberno da Xunta de Galicia e moi ambiguo, non concreto, que contempla xeneralidades, inclúe actuacións xa previstas anteriormente pola Xunta de Galicia que non forman parte de ningún Plan nin son de reactivación industrial, porque poderíase falar da área sanitaria, da residencia de maiores, dos albergues ou outras cousas que podían reactivar e estar dentro do conxunto do plan. Tampouco concreta prazos nin financiamento para os proxectos; non hai dotación concreta de inversións a realizar, non hai proxectos industriais que apoiar. En definitiva non é nada concreto.

Toma a palabra o Sr. Presidente dicindo que non se pode chamar pacto a algo que non está pactado, o lóxico sería facer un convite a todas as administracións, pónse sobre a mesa unha proposta concreta para traballar e coas aportacións de cada administración e a partir de aí propónse o pacto. O que non é normal é propoñer o pacto de antemán, sen falar cos que van pactar; e ademais é o Pacto por Ferrol non concreta ningunha medida, é que xa hai moitos pactos por Ferrol, pero que son papeis que non chegan a concretar nada. É importante que no pacto, tanto a Xunta, como as outras administracións podan concretar investimentos cun horizonte temporal; por exemplo a demanda de solo industrial non se está atender nesta comarca, en Vidreiro están vendidas todas as parcelas e non se autorizan máis solo nin se autorizan investimentos para a súa ampliación. Tamén hai problema de infraestruturas sobre todo de tipo férreo, outro problema é o dique flotante de Navantia que o faría máis competitivo. Todas estas cousas hai que definilas e concretalas dentro dun posible pacto. A proposta do grupo municipal do PSdG-PSOE sería:

*“Punto 1. Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a sentarse co resto de administracións públicas implicadas co obxectivo de acordar un texto novo, realista e pactado en que a Xunta de Galicia e o resto de administracións afectadas ou con competencia na materia detallan compromisos concretos e os doten presupuestariamente tales como o dique cuberto, mellora da conexión ferroviaria.*

*O punto 2 habería que suprimilo.*

*O punto 3 engandir e aos alcaldes da comarca de Ferrol, Eume e Ortegal.”*

Concluídas as intervencións, sométese a votación a **MOCIÓN ENMENDADA** quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro , D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro;



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a sentarse co resto de administracións públicas implicadas co obxectivo de acordar un texto novo, realista e pactado en que a Xunta de Galicia e o resto de administracións afectadas ou con competencia na materia detallen compromisos concretos e os doten orzamentariamente, tales como o dique cuberto, mellora da conexión ferroviaria, etc.

**SEGUNDO.-** Dar traslado desta acordo ao Presidente do Goberno, ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Presidente da Deputación da Coruña e aos Alcaldes de Ferrol, Eume e Ortegal.

### 10.- ASUNTOS URXENTES

Non se presentaron asuntos urxentes.

### 11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Dende a Presidencia, proponse incluír na orde do día a Moción seguinte:

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE RELATIVA Á EXCLUSIÓN FINANCIERA DE COLECTIVOS VULNERABLES**

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros concelleiras presentes.

Toma a palabra o voceiro do PSdG-PSOE D. José Simoes Couceiro, que lle cede a palabra á súa compañeira de partido dona Raquel Caruncho Corral para dar lectura a moción presentada polo PSdG-PSOE, que se transcribe a continuación:

**<<O Grupo Municipal dos Socialistas de Pontevedra de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción relativa á exclusión financeira de colectivos vulnerables.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Nun mundo onde cada vez a poboación é máis lonxeva e as novas tecnoloxías avanza cunha rapidez sen precedentes modificando o noso día a día , a fenda dixital para aquela poboación nada hai máis de cincuenta anos, cando non existían nin os ordenadores ou os teléfonos móbiles ao alcance de calquera, a fenda dixital é máis que evidente.*

*É por iso polo que a exclusión financeira, que golpea aos nosos maiores e que ven derivaba do avance tecnolóxico aplicado aos servizos máis básicos, está a ser un problema moi importante no desenvolvemento diario dunha parte fundamental da nosa sociedade .Pechan sucursais, os trámites pasaron ás plataformas dixitais, a atención telefónica está automatizada e poucas veces acaba en éxito se non se teñen as competencias necesarias, o uso de caixeiros automáticos é complicado e xera inseguridade e incerteza nos maiores porque en caso de erro non hai unha resolución inmediata pois se debe contactar coa sucursal mediante teléfonos,etc .*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



*Non hai dúbida que a dixitalización é unha oportunidade pero erixiuse como un muro insalvable para as xeracións con menos coñecementos dixitais. Cada vez mais frecuentemente, para trámites sinxelos, esíxense o emprego de tecnoloxías complexas que moitos non saben utilizar.*

*Moitas persoas maiores están soas e non teñen ninguén que lles axude, e outras moitas queren, como é lexítimo, seguir sendo o máis independentes posibles a pesar da súa idade. Pero se estes trámites se complican e pechan as oficinas, estase a excluír a quen lle custa o uso de Internet e a quen ten problemas de mobilidade.*

*Nunha vila como a nosa, como tantas outras da xeografía galega, onde a maioría das súas parroquias pertencen ao mundo rural e teñen unha dispersión xeográfica significativa cun alto índice de poboación maior de 60 anos, debemos traballar para facilitar a vida das nosas e nosos veciños e evitar complicarlles as súas xestións diarias máis elementais.*

*A exclusión financeira dos habitantes dos pobos pequenos, que sofren despoboamento e outras faltas de servizos públicos, lastra o desenvolvemento destas zonas e a banca dixital convertese nun muro para calquera xestión.*

*Ben é certo que son precisos programas de formación para persoas maiores no manexo das plataformas dixitais de todo tipo, como os que, a través da ula CEMIT viñemos desenvolvendo neste Concello nos últimos anos, pero a liberdade de empresa dos bancos complica a conciliación entre os dereitos dos habitantes e a obriga dos poderes públicos de garantir o acceso aos servizos por parte dos mesmos.*

*A lexislación pode establecer unhas obrigacións na atención ao cliente e a iso debe responder a nova lei cuxo anteproxecto foi xa presentado polo Goberno. Sobre esas competencias, debemos instar formalmente a que a lei teña en conta a situación que viven os nosos maiores.*

*En suma, a cuestión non é só formar aos maiores en banca dixital, trátase de que os bancos teñan a sensibilidade de que a atención persoal non pode ser substituída polo frío das máquinas. Reclamamos deste xeito unha atención directa en sucursais, sen custes ou comisións adicionais por este servizo xa que estamos a falar dunha franxa poboacional que adoita ter uns ingresos moi baixos, ampliando franxas horarias e reservando tempos para os maiores, sobre todo nos municipios máis pequenos, coma o noso. Doutra banda, estimamos precisa a formación en novas tecnoloxías como garantía dunha inclusión plena dos nosos maiores na nova economía.*

*Concluímospois que debemos dar visibilidade as persoas maiores que queren que se lles trate con dignidade habilitando seccións de xeito gratuito nas sucursais bancarias nas que deixen de excluílos. Valoramos os pequenos pasos que nos últimos días están a dar nesta dirección algunhas entidades bancarias, pero que seguen a ser insuficientes, xa que debe tratarse dun servizo universal e non só dalgunhas entidades polo seu carácter humano e de xustiza social.*

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Socialista de Pontevedra propón o seguinte*

### **ACORDO**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



*Primeiro.- Instar ás entidades bancarias que operan na nosa vila a garantir a atención presencial e persoal, sen custes ou comisións adicionais, facilitando o acceso aos trámites en igualdade de condicións que os usuarios da banca electrónica.*

*Segundo.- Negociar coas entidades bancarias e/ou calquera outro operador público ou privado que puidese desprezar a instalación de caixeiros automáticos no noso núcleo de poboación sen servizos bancarios presenciais, para evitar a carencia de servizos personalizados.*

*Terceiro.- Instar ao Goberno de España a promover lexislacións de protección ao consumidor en materia de atención ao cliente que teñan en conta a exclusión financeira das persoas vulnerables.*

*Cuarto.- Instar á Xunta de Galicia a que amplíe o orzamento da rede de centros do Marco Galego de Competencias Dixitais para ser o soporte institucional, humano e técnico para a convocatoria de programas formativos en aras dunha alfabetización dixital dos sectores vulnerables da nosa sociedade.*

Continúa dicindo a Sra. Caruncho que todos somos conscientes dos cambios na sociedade, que hai moitas posibilidades de tramitar cousas a través da internet; pero que é verdade que as persoas maiores teñen máis dificultades para empregar estes novos sistemas, habitualmente acudían aos bancos de xeito presencial a tramitar calquera tipo de operación. Ultimamente estanse a modificar os horarios de atención ao público, pero aínda queda moito por facer; esta xente quere estar ao día dos seus datos económicos, e solicitamos as entidades bancarias que cumpran os seus cometidos, unha atención privada e pública dunhas empresas privadas; o que se busca é facilitarlle o máximo posible aos máis afectados os nosos maiores.

Toma a palabra don Luis Díaz González (PP) para indicar que é unha moción moi axeitada e necesaria, moi ben explicada. O seu voto vai ser a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a **MOCIÓN** quedando **ADOPTADA por UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Instar ás entidades bancarias que operan na nosa vila a garantir a atención presencial e persoal, sen custes ou comisións adicionais, facilitando o acceso aos trámites en igualdade de condicións que os usuarios da banca electrónica.

**SEGUNDO.-** Negociar coas entidades bancarias e/ou calquera outro operador público ou privado que puidese desprezar a instalación de caixeiros automáticos no noso núcleo de poboación sen servizos bancarios presenciais, para evitar a carencia de servizos personalizados.

**TERCEIRO.-** Instar ao Goberno de España a promover lexislacións de protección ao consumidor en materia de atención ao cliente que teñan en conta a exclusión financeira das persoas vulnerables.

**CUARTO.-** Instar á Xunta de Galicia a que amplíe o orzamento da rede de centros do Marco Galego de Competencias Dixitais para ser o soporte institucional, humano e técnico para a convocatoria de programas formativos en aras dunha alfabetización dixital dos sectores vulnerables da nosa sociedade.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



### 12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### <<DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24 DE FEBREIRO DE 2022

(Expediente: 2022/G006/000034)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **33.2022** de 24 de xaneiro ao **98.2022** de 21 de febreiro de 2022, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2022/G003/000029	SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESIBILIDADE	000033/2022	24-01-2022 12:50
2022/G003/000030	LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2021 (IMPUTACIÓN DE FACTURAS Á CONTA 413).-	000034/2022	24-01-2022 12:50
2022/G003/000034	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 27-01-2022	000035/2022	24-01-2022 14:35
2022/G003/000028	LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDAS- EXCLUIDAS/OS, LISTA DE ESPERA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA NOVEMBRO CURSO 2021-2022	000036/2022	25-01-2022 10:57
2022/G003/000031	SEGURIDADE SOCIAL DECEMBRO 2021	000037/2022	25-01-2022 10:57
2022/G003/000033	COMPRA DUN CAMIÓN PARA XESTIÓN DE RESIDUOS, LEVAR A CABO CAMPAÑAS DE INFORMACIÓN E COMPRA DE MATERIAL PARA XESTIÓN DE BIORRESIDUOS	000038/2022	26-01-2022 10:01
2022/G003/000040	TESOURERÍA - VARIACIÓNS PADRON RECOLLIDA DE LIXO PARA 2022	000039/2022	26-01-2022 12:48
2022/G003/000046	CONVOCATORIA DA SESIÓN	000040/2022	26-01-2022 14:29



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-  
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	ORDINARIA DA XGL DO DÍA 27-01-2022		
2022/G003/000042	INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2022.	000041/2022	27-01-2022 11:52
2022/G003/000044	PERSOAL-INCREMENTO SALRIAL 2022 E APROBACIÓN PAGO NÓMINA XANEIRO 2022.	000042/2022	27-01-2022 11:52
2022/G003/000039	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. DEPUTACIÓN 2022	000043/2022	27-01-2022 11:59
2022/G003/000052	PERSOAL-BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PEÓN ADSCRITO A ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS PÚBLICOS , UNIDADE DE OBRAS, UNIDADE DE LIMPEZA, SECCIÓN DE RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	000044/2022	31-01-2022 09:28
2022/G003/000016	TESOURERÍA: SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU. SOLICITA: QUE SEXA APROBADA A FACTURACIÓN.	000045/2022	31-01-2022 12:21
2022/G003/000057	ACEPTACIÓN COMPENSACIÓN SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2017, 2018 E 2019, ENTIDADE XENTE DE AQUÍ E DE ACOLÁ.	000046/2022	01-02-2022 13:43
2022/G003/000050	SOLICITUD SUBVENCIÓN SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2022. CONVENIO DEPUTACIÓN	000047/2022	02-02-2022 09:33
2022/G003/000054	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE	000048/2022	02-02-2022 09:33



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE DECEMBRO 2021		
2022/G003/000043	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA CULTURA NA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE PONTEDEUME. LER CONTA MOITO.2022.	000049/2022	02-02-2022 09:33
2022/G003/000032	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI 99500000024876	000050/2022	02-02-2022 09:33
2022/G003/000058	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DO TÉCNICO DE DEPORTES. DEPUTACIÓN 2.022	000051/2022	03-02-2022 10:09
2022/G003/000064	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 1. XERACIÓN DE CRÉDITO 1. MUPI.-	000052/2022	04-02-2022 14:07
2022/G003/000076	APROBACIÓN LISTADO DE ALTAS E BAIAS NO CURSO 2021/2022 DOS TALLERES CULTURAIS	000053/2022	07-02-2022 11:17
2022/G003/000073	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PEL-CONCELLOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 PEL CONCELLOS 2.022	000054/2022	08-02-2022 00:44
2022/G003/000059	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA NO RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN AVDA RICARDO SANCHEZ Nº 35 BJ POR NON EXISTIR NINGUN TIPO DE ACTIVIDADE	000055/2022	08-02-2022 11:40
2022/G003/000055	TESOURERIA: SOLICITA PASAR O RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL COMERCIAL	000056/2022	08-02-2022 11:43



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-  
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	SITO EN REAL 27 BJ A VIVENDA		
2022/G003/000072	TESOURERIA: SOLICITUDE XERAL A NOMBRE DE _____. SOLICITO LA REDUCCIÓN DE TASA DE RECOGIDA DE BASURA DE LOS LOCALES COMERCIALES SITUADOS EN CALLE DE LA IGLESIA, Nº1, LOCAL IZQUIERDA Y LOCAL DERECHA EN PONTEDEUME YA QUE CARECEN DE ACTIVIDAD	000057/2022	08-02-2022 11:43
2022/G003/000071	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO IMPOSTO DA RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN PESCADERIA 45 BJ POR NON TER ACTIVIDADE	000058/2022	08-02-2022 11:43
2022/G003/000070	SOLICITA A BAIXA DO IMPOSTO DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN FERREIROS 13 POR BAIXA NA ACTIVIDADE EMPRESARIAL	000059/2022	08-02-2022 11:43
2022/G003/000036	TESOURERIA: SOLICITUDE CAMBIO TARIFA LOCAL SEN ACTIVIDADE DE MARIA LOURDES AMADO IGLESIAS	000060/2022	08-02-2022 11:43
2022/G003/000022	TESOURERIA: SOLICITUDE DE CAMBIO DE MODALIDADE DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO	000061/2022	08-02-2022 11:43
2022/G003/000078	ANULACIÓN PAGO A XUSTIFICAR	000062/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000074	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DUN TÉCNICO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. DEPUTACIÓN 2022	000063/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000035	TESOURERIA: SOLICITA O CAMBIO DO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DE LOCAL COMERCIAL A VIVENDA DA FINCA SITA EN AVDA	000064/2022	08-02-2022 16:37



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-  
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	SAAVEDRA MENESES 13		
2022/G003/000037	TESOURERIA: SOLICITUDE CAMBIO TARIFA POR LOCAL SEN ACTIVIDADE COMERCIAL EN REAL Nº 22	000065/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000060	TESOURERIA: SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE _____ SOLICITA: QUE SE TENGA POR PRESENTADO CON LA DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA Y SE ESTIME EL ESCRITO PROCEDENDO SEGÚN LO SOLICITADO EN EL MISMO. BAIXA TAXA LIXO	000066/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000056	TESOURERIA: SOLICITUDE DE BAIXA DO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN AVDA DE FERROL Nº 21 BJ POR CESE DE NEGOCIO	000067/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000049	TESOURERIA: SOLICITUDE DE CAMBIO DE MODALIDADE DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO . _____	000068/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000047	TESOURERIA: SOLICITA LA MODIFICACION DE LA TAXA DE RECOGIDA DE BASURA DEL BAJO SITO EN SANTIAGO 14 POR CESE DE NEGOCIO	000069/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000038	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN CORREDOIRA DAS VIRTUDES 4 POR ENCONTRARSE EL LOCAL DEMOLIDO PARCIALMENTE EXP 2018/G000435	000070/2022	08-02-2022 16:37
2022/G003/000082	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XGL DO DÍA 10-02-2022	000071/2022	09-02-2022 14:56
2022/G003/000083	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE	000072/2022	09-02-2022 15:23



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	DO PLENO DO DÍA 10-02-2022		
2022/G003/000079	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE ACCESIBILIDAD, EQUIPAMENTO E INSTALACIÓNS NO CENTRO MUNICIPAL DE FOREMDES 2022	000073/2022	09-02-2022 15:23
2022/G003/000065	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000074/2022	10-02-2022 14:24
2022/G003/000063	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000075/2022	10-02-2022 14:24
2022/G003/000080	CORRECCIÓN DECRETO 34/2022. LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2021 (IMPUTACIÓN DE FACTURAS Á CONTA 413)	000076/2022	10-02-2022 14:24
2022/G003/000081	TESOURERIA: EXPEDIENTE DE PADRON POLA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO, EXERCICIO 2022	000077/2022	10-02-2022 14:23
2022/G003/000089	RECTIFICACIÓN DO DOMICILIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. ASIGNACIÓN NUMERACIÓN DA VIVENDA SITA EN CRUZ DO CABILDO CON REFª CATASTRAL 002003300NJ60F0001AZ	000078/2022	14-02-2022 11:18
2022/G003/000090	SOLICITA O NUMERO DE POLICIA PARA A VIVENDA CON REF CATASTRAL 1507A019003080001EE SITA EN CASTELO	000079/2022	14-02-2022 11:18
2022/G003/000087	LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2021.-	000080/2022	14-02-2022 11:18
2022/G003/000086	ENCOMENDA DE DEFENSA PROCEDEMENTO ORDINARIO 760/2021 PARA XUIZO O DIA	000081/2022	14-02-2022 11:18





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-  
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	23/03/2022 DENUNCIANTE		
2022/G003/000088	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL MEDIANTE A REHABILITACIÓN DO ENTORNO DO LAVADOIRO DE CERMUZO, A FONTE DO CASTRO E A FONTE DE CRUZ DO CABILDO, NO CONCELLO DE PONTEDEUM	000082/2022	14-02-2022 11:21
2022/G003/000093	DESCRIPCIÓN DECRETO: EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO N.º 75/2022 DE 10/02/2022 DEEXPEDIENTE DE PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000083/2022	16-02-2022 14:44
2022/G003/000096	MODELO 111, IRPF XANEIRO 2022	000084/2022	16-02-2022 14:39
2022/G003/000095	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2, INCORPORACIÓN DE REMANENTES.-	000085/2022	16-02-2022 14:39
2022/G003/000102	SESIÓN ORDINARIA DA CIAXP DO DÍA 21-02-2022	000086/2022	16-02-2022 15:03
2022/G003/000099	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS PARA O ANO 2.022.	000087/2022	17-02-2022 14:11
2022/G003/000094	SOLCITUD DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE TÉCNICO DE TURÍSMO. DEPUTACIÓN 2022	000088/2022	17-02-2022 14:10
2022/G003/000092	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE DNA. EVA M <sup>a</sup> GUERRERO RICO O DÍA 18.02.2022.	000089/2022	17-02-2022 18:38
2022/G003/000097	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA	000090/2022	17-02-2022 18:47



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN 2022		
2022/G003/000100	APROBACIÓN ALTAS E BAIXAS NO SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS /MADRUGADORES CURSO 2021/2022	000091/2022	17-02-2022 18:47
2022/G003/000104	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 87/2022 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS PARA O ANO 2.022.	000092/2022	18-02-2022 11:40
2022/G003/000105	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA CIAEF DO DÍA 21-02-2022	000093/2022	18-02-2022 13:21
2022/G003/000103	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN "SINALIZACION DE EDIFICIOS, E LUGARES DE INTERESE DO CASCO HISTORICO DE PONTEDEUME." 2022 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TU503D).	000094/2022	18-02-2022 14:27
2022/G003/000107	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE SETEMBRO DE 2021	000095/2022	21-02-2022 09:11
2022/G003/000108	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE OUTUBRO DE 2021	000096/2022	21-02-2022 09:11
2022/G003/000109	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE NOVEMBRO DE	000097/2022	21-02-2022 09:11



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-  
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	2021		
2022/G003/000110	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE DECEMBRO DE 2021	000098/2022	21-02-2022 09:11

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 13.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) na corporación municipal, presenta para o Pleno de febreiro, os seguintes rogos:

1. Rogamos se cambie de actividade o edificio da antiga lonxa
2. Rogamos cando informen nas redes sociais acordos que xurdan nos plneos pola corporación municipal sexan mais explícitos e correctos cos demais partidos.
3. Rogamos reparen as beirarrúas en fronte o cemiterio, están levantadas por dous sitios
4. Rogamos retiren ou reparen o bolardo en fronte da rúa Ría de Ares.
5. Rogamos que manden limpar as arquetas ou si xa se fixo se faga fincapé en mantelas limpas,xa que o tempo que estamos tendo é moi atípico,(non chove apenas)e pode causar un dia que chova mais da conta 9inundacións como as xa sufridas anteriormente.
6. Rogamos que limpen de limo os arredores e accesos ao Mercado Municipal para garantir a seguridade dos usuarios
7. Rogamos empecen os tramites para a modificación da ordenanza fiscal nº29 para poder acceder ó sistema de cofinanciamiento de servizos sociais da Xunta de Galicia que e obrigatorio para que no curso 22/23 as gardenias sexan gratuítas para todos os usuarios

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) na corporación municipal, presenta para o Pleno de febreiro, as seguintes preguntas:

#### GARDERÍA:

- 1.- En varios plenos xa mostramos o noso interese pola reparación da rúa de acceso a gardería. Nos trasladan vostedes que como é consecuencia da obra da gardería ian reclamar esa reparación a Xunta de Galicia. **Como se atopan eses trámites para a súa reparación?**

**Resposta do goberno.-** Seguimos á espera de resposta por parte dos responsables do seu amaño. En todo caso, saben vostedes que existe un proxecto para pavimentación e reurbanización de toda esa zona, incluída esa rúa



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



2.-Para que as gardería sexa gratuíta o concello ten que adherirse ao sistema de cofinanciamento de servizos sociais da Xunta de Galicia. Despois de aberta no mes de setembro é aprobada en pleno a modificación da ordenanza fiscal nº29, posteriormente nos comunican desde o gabinete de política social que a día de hoxe o concello non se adheriu a dito sistema .A concelleira Raquel Caruncho responde a través da prensa que si están adheridos, e que no mes de febreiro non se cobraría. Por outra banda os usuarios, dinos que se están a cobrar as cuotas. Por iso nos preguntamos: **En que fecha exacta se fixo esa adhesión? Nos poden dar unha copia da solicitude?**

**Resposta do goberno.-** Para poder estar adheridos ao Programa de gratuidade na atención educativa dos/das segundos/as fillos/as e sucesivos/as na escola infantil, a Xunta estableceu para os concellos que quixeran adherirse a este (posto que non era obrigatorio) unha condición que se cita textualmente:

**“Que a corporación local decidira adoptar esa medida a través de acordo do órgano correspondente (neste caso no Pleno) e se plasmara na modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal.”**

Polo tanto, a Xunta non redactou un documento de adhesión ao programa, (feito confirmado polo xefe do Servizo de Coordinación dos Servizos Sociais Comunitarios, don Javier Suárez Salvado, en consulta realizada desde o departamento de servizos sociais do Concello) tal como se cita textualmente:

**“Coa publicación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal onde se inclúe o punto da gratuidade, o concello xa queda obrigado a aplicar esta medida.”**

A Modificación da Ordenanza Fiscal foi publicada definitivamente no BOP, o día 11 de xaneiro de 2022.

Ese mesmo mes o Concello de Pontevedra notifica á Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, a entrada en vigor o 1 de febreiro de 2022 da medida da gratuidade.

En canto á solicitude de enviarlles unha copia hai que ter en conta que é unha tramitación que se xestiona de forma interna e que poderán acudir ao departamento de Servizos Sociais para poder consultar e verificar así a documentación enviada.

### \*TRANSPORTE

3.--Cando se aprobou a moción do transporte se nos dí que existe un informe policial sobre este tema. Pensamos lóxicamente que sería un estudo en diversas paradas e mais completo debido á importancia do problema. - **Se fixo noutras paradas? -Presentou o concello algunha alegación a consellería de mobilidade?**

**Resposta do goberno.-** O problema do transporte metropolitano na comarca de Ferrolterra , ben coñecida por vostedes, e acentuada desde comezo do novo contrato que mantén a Xunta de Galicia coas empresas concesionarias está sendo causa de reivindicacións por parte dos Concellos da comarca , por axentes sociais , e mesmo por plataformas de cidadáns creadas a raíz do déficit de liñas e supresión das mesmas. Ao longo do ano pasado (2021), este Concello solicitou varias reunións co delegado territorial de mobilidade , nas que o propio delegado pide que se xustifique dalgunha forma a veracidade dos feitos nomeados , pedindo colaboración da propia policía local de Pontevedra , e examinando polo menos dúas paradas para comprobar se se cumpran os horarios , sendo suficiente para a delegación territorial , e poñer en coñecemento da Consellería os problemas de horarios. Respectando a decisión e petición se ordena á policía local que comprobase en dúas ocasións se se cumprían os horarios na liña que nese momento tenia máis queixas dos usuarios da liña Miño – Pontevedra-Monfero, sobre todo polo transporte de alumnos, onde se emitiron dous informes como nos trasladaron



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

da propia delegación. noutra orde este concello presento os seguintes escritos, con datas de rexistro de saída:

1º Que se revise a correcta prestación do servizo da liña de transporte metropolitano mixta Miño-Ponteume en relación e alteracións no normal funcionamento. Rexistro Saida 22-02-2021

2º Remisión de informes da Policía Local en referencia ao servizo de transporte público por alteracións horarias. Rexistro Saida 24-03-202

3º Os concellos da Capela , Ponteume, Cabanas, Miño, e Monfero solicitan que se exceptúe o pago do transporte escolar, que se cumpran as condicións do prego de licitación do servizo. Rexistro de Saida 28-10-2021

4º Solicitud de revisión de paradas da liña Monfero-Miño-Ponteume. Rexistro de Saida 17-02-2021

5º Remitando proposta de horarios contrato XG871- comunicación mobilidade transporte metropolitano. Rexistro de Saida 03-01-2022

6º Remitimos escrito queixas contrato XG871. Rexistro de Saida 12-01-2022

7º Remitando proposta horarios contrato XG871. Rexistro de Saida 14-01-2022

8º Envío de Moción achéganse certificados dous acordos plenarios, referente a moción en defensa dunha mellora non servizo de transporte interurbano. Rexistro de Saida 26-10-2021

9º solicitud de de mellorar a prestación do servizo de transporte público.

Estes son os diferentes escritos remitidos a Consellería de Mobilidade, na súa delegación territorial. O prazo de alegación, e anterior a publicación do prego de condicións, e se fixeron precisamente nos documentos enviados pola consellería a cada Concello, onde por parte deste concello se pedía unha mellora nas liñas das parroquias e no transporte de estudantes.

### LINEA DE AXUDAS

4.- Na primeira liña de axudas aos pymes do noso concello sobraron 22.000€ que se sumaron aos 50.000 € aprobados no pleno e reflectidos nos presupostos para unha segunda axuda.

**-Cantos foron os beneficiarios destas axudas? -Sobrou algún diñeiro de estas axudas ? ese así, Onde inverteteuse ese diñeiro?**

**Resposta do goberno.-** O número de beneficiarios foi de 82 persoas. Respecto a partida que sobrou destas axudas adicouse a gastos derivados da pandemia, entre outros, a desinfección dos centros educativos que triplicou o seu custe dos servizos de limpeza dos centros.

A pesar de que se trata dunha competencia da Xunta de Galicia, unha vez máis, este Concello tivo que adicar fondos propios aquilo que a Xunta non quere asumir.

### VELLO HOSPITAL DE PEREGRINOS



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



5.- A subvención que patrimonio aprobou ao concello para a rehabilitación do vello hospitalillo para convertelo nun albergue foi de 280.000€. De eso xa pasou 3 anos...

**-Nos poden indicar se esa subvención aínda está presente e si conta o concello con algunha máis?**

**Resposta do goberno.-** O Concello non recibiu ningunha subvención de Patrimonio, deben de estar errados, xa que Patrimonio nunca xamais concede subvencións, senón que informa os proxectos. O que si foi concedida foi a subvención por parte da Secretaría de Estado de Turismo por un importe de 360.000 € tal como foi publicado no Boletín Oficial do Estado.

Actualmente estamos á espera de que se nos remita a resolución definitiva para poder iniciar os trámites da licitación das obras.

### BOLARDOS

6.--Anteriormente, no pleno do mes de xullo levouse a pregunta de porque se admitía que os vehículos entraran sin control ningún as rúas peonís, e nos contestan que era debido a que segundo vostedes o anterior goberno repartira mandos dos bolardos sen control ...cabe sinalar aquí que para dar os mandos ten que haber un informe favorable da policía local o mesmo que para as prazas de minusválidos e dito isto, como vostedes eran coñecedores do problema decidiran (despois de case 7 anos no goberno...) que a empresa que xestiona este mantemento estudara se era factible cambiar a frecuencia dos mandos.

**-A que solución se chegou despois de ese estudo porque o problema continua?**

**Resposta do goberno.-** Sobre a cuestión sobre a que se refire, a empresa que xestiona este servizo indagou sobre a posibilidade de modificar esas frecuencias e sendo posible está actualmente a xestionar a súa modificación. Así mesmo, a día de hoxe, hai una serie de bolardos que están avariados e foron retirados para a súa reparación. Ante esta situación trasladóuselle a Policía

### Pedras AVD Saavedra Meneses

7.- -Hai uns días se estivo a repoñer as pedras onde estaban os contedores soterrados. A que se debe o cambio do grosor de ditas pedras?

**Resposta do goberno.-** A que segundo os técnicos o espesor desas pedras nunha zona peonil é máis que suficiente polo que iso abarata custes cun resultado óptimo.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na corporación municipal, non presentou para o Pleno de febreiro ningún rogo.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na corporación municipal, presenta para o Pleno de febreiro as seguintes preguntas:

1. PÁXINA WEB. Canto tempo levamos sen páxina web oficial ? En que data estará operativa?





**Resposta do goberno.-** Tal como se lles respondeu no pasado pleno do mes de xaneiro a páxina web atopábase en fase de transición e proceso de posta en marcha con novo contido que estará dispoñible mañá venres 25 de febreiro. En ningún momento este concello estivo sen páxina web oficial.

2. REVISTA CÁTEDRA. O artigos da revista Cátedra dende fai uns día non son accesibles. Por que ? Depende do Concello ?

**Resposta do goberno.-** En relación a resposta anterior os artigos de Cátedra atopábanse nun servidor antigo sen posibilidade de actualización. O proceso de renovación da páxina web incluírá unha nova plataforma para a consulta deste artigos que estará dispoñible proximamente e integrada dentro da nova web.

3. LIQUIDACIÓN 2021. As obrigas do capítulo 1 aumentáronse en 97.485 euros respecto do 2020. A que é debido ?

**Resposta do goberno.-** Debido ao incremento do Goberno do Estado para os salarios dos traballadores e traballadoras das Administración Públicas, así como horas extraordinarias e contratación de persoal (substitucións e novas contratacións). Tal como consta no informe de liquidación de 2021 pode consultar o desglose dos datos aportados.

4. SITUACIÓN DO PERSOAL DO CONCELLO. No exercicio 2019 aprobouse a oferta de emprego público, incluíndo moitas prazas por estabilización ou consolidación. Por que non se teñen aprobadas as bases das convocatorias nin se ten desenvolvido proceso selectivo ningún ? Tamén se aprobou a do 2021 pendente da convocatoria. ¿Por que non se está a traballar para mellorar a situación do persoal laboral temporal ?

**Resposta do goberno.-** O 27 de decembro do 2019 se aprobou e publicou no BOP nº 246 a oferta de emprego público do 2019 , onde constan as prazas de consolidación e estabilización e dous de administrativos de acceso libre .

Unha vez iniciado o proceso comeza a negociación ca representación sindical

Mesa xeral de negociación, un proceso que ten que ser negociado e sendo posible consolidado coa parte social, dada a circunstancia deste concello en tema de persoal , sendo complexa e difícil de solucionar debido a unha RPT obsoleta y adscricións provisionais.

O primeiro que fixo este goberno foi un plan de reorganización dos recursos humanos, para poder seguir unha guía de ruta e obter a situación real do persoal, encárgase un informe á empresa J&Tudor , que resenta en los días seguintes:

13-12-2019 informe de reorganización dos recursos humanos del Concello de Pontevedra.

16-12-2019 rectificación del informe de RR.HH.

28-09-2020 presentación de informe de reorganización á parte social .

23-11-2020 Mesa xeral de negociación para negociar os criterios que rexerán nas adscricións provisionais , consolidación , estabilización e situacións especiais.

22-12-2020 mesa xeral de negociación seguindo a negociación de criterios

16-03-2021 mesa xeral de negociación seguindo as condicións de criterios e intentando chegar a acordo.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



As circunstancias da Covid-19 prohibindo as reunións de máis de seis persoas, e o aumento de casos no Concello , así como o anuncio do goberno central de simplificar a lei onde os numerosos interinos poderían pasar a ser fixos cun concurso de méritos, os sindicatos negociadores piden que se agarde á saída do decreto lei que regule as novas medidas para consolidación e estabilización.

Neste momento, estase a preparar a documentación para levar á mesa de negociación as prazas da oferta do 202 , (TAG, Técnico de Xestión), dúas de administrativo de 2019 e seguidamente consolidar os criterios para consolidación e estabilización.

Como pode ver vostede nunca se deixou de traballar para mellorar a temporalidade segundo as leis actuais.

5. CONTRATOS DE GASTOS CORRENTES. Respecto ao 2021, hai a día de hoxe algún contrato vixente conforme á normativa en relación cos gastos correntes do concello (sen contar os contratos menores) ??

**Resposta do goberno.-** Non, debido a sobrecarga de traballo dos departamentos que interveñen na súa tramitación. Actualmente hai oito pregos redactados pendentes de ser informados e tramitados que esperamos poidan iniciarse coa incorporación do técnico/a de contratación, praza que sairá a concurso en breve.

6. GRANDES FACTURAS. Hai algún proveedor do concello que sen contrato vixente, acumule facturas por máis de 100.000 euros en contratos menores ??

**Resposta do goberno.-** Segundo trasladánnos desde os servizos económicos, actualmente son cinco. Todos eles contan con prego rexistrado por sede electrónica para a súa tramitación polos departamentos correspondentes de cara á contratación, e polo tanto regularización destes servizos.

Pero debido á acumulación de traballo e falta de persoal dos departamentos que interveñen na súa tramitación, tal e como se fixo constar en numerosos informe dos distintos responsables de área, aínda non foi posible tramitar a día de hoxe.

Esperamos que tan pronto como se cubra a praza de técnico de contratación, proceso selectivo que dará comezo nas vindeiras semanas, poidamos poñer ao día a contratación dos citados servizos.

7. TERRAZAS. VIAQUA. No dereitos de difícil ou imposible recadación no 2021 aparece a cifra de case 1 millón de euros (987.830,09 euros). A maioría deles relacionados coa empresa VIAQUA. Que xestións se realizaron dende ao goberno municipal para resolver este tema ? Cales foron as reunións e as conclusións da Comisión de Seguimento e Control ? Que resolucións tomou esta comisión?

**Resposta do goberno.-** Encargouse unha auditoría do contrato e da situación económica derivado do mesmo, analizando unha cantidade inxente de documentación desde o inicio do contrato. Tarefa moi tediosa posto que había unha parte da documentación que non aparecía no arquivo municipal. Ademais houbo sucesivas reunións entre a empresa auditora, a empresa



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



concesionaria e os servizos económicos do concello para analizar as distintas conclusións da comisión de seguimento.

Nesta establecíanse seis escenarios dependendo de se se tiñan en conta ou non unha serie de factores que arroxaban todos eles un saldo positivo a favor do concello.

Por parte da empresa concesionaria se presentaron unha serie de alegacións que están a ser estudadas por parte da empresa auditora e que tan pronto como teñamos eses datos daranse a coñecer.

8. XUNTA DE GOBERNO. Cando foi a última vez que se puxo a disposición dos concelleiros as actas da Xunta de goberno local? Son públicas estas actas ?

**Resposta do goberno.-** O dous de febreiro remitíronse por correo electrónico todas as últimas actas aprobadas das xuntas de goberno. É importante aclarar que as deliberacións das Xuntas de Goberno son segredas pero as concelleiras e concelleiros da corporación teñen acceso a copia unha vez aprobadas.

### REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe, que se someterá a votación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano e a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno do día 31.03.2022, segundo o borrador asinado o día 25.03.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

